

## **“XXV CARREIRA POPULAR SANTA UXÍA – I MEMORIAL MIGUEL RUIZ”. SÁBADO 28 DE SETEMBRO DE 2024**

O Concello de Ribeira a través da Concellería de Deportes organiza o **sábado 28 de setembro de 2024**, a partir das 17.00 horas, a **XXV edición da Carreira Popular de Santa Uxía – I Memorial Miguel Ruiz** que formará parte do **X Circuito Provincial de Carreiras Populares da Deputación da Coruña**, así como do **VII Circuito de Carreiras Barbanza Arousa**.

A proba absoluta disputarase sobre a distancia **10 km**. As probas levaranse a cabo na localidade de Ribeira e estarán suxeitas o seguinte:

### **REGULAMENTO**

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha soa clasificación conxunta. As probas estarán baixo o control técnico do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

#### **2. CATEGORIAS DE PARTICIPACION**

As categorías de competición serán as seguintes:

<b>CATEGORIA</b>	<b>ANOS DE NACEMENTO</b>
<b>SUB 6</b>	2021-2020-2019
<b>SUB 8</b>	2018-2017
<b>SUB 10 H/M</b>	2016-2015
<b>SUB 12 H/M</b>	2014-2013
<b>SUB 14 H/M</b>	2012-2011
<b>SUB 16 H/M</b>	2010-2009
<b>SUB 18 H/M</b>	2008-2007
<b>SUB 20 H/M</b>	2006-2005
<b>SUB 23 H/M</b>	2004-2003-2002
<b>SENIOR H/M</b>	De 2001 ata 1990
<b>MASTER 1 H/M</b>	De 1989 ata 1984
<b>MASTER 2 H/M</b>	De 1983 ata 1974
<b>MASTER 3 H/M</b>	De 1973 ata 1964
<b>MASTER 4 H/M</b>	Nados antes do 1964
<b>“SAPATILLA INCLUSIVA”</b>	Categoría única absoluta para persoas con diversidade funcional

### 3. DISTANCIAS E HORARIOS

A SAÍDA DAS PROBAS ESTARÁ UBICADA NA ZONA DO MALECON DE RIBEIRA (Paseo marítimo).

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
17.00 h	Sub 14 – Sub 16	2.100 metros
17.30 h	Sub 12	1.400 m
17.40 h	Sub 10	700 m
17.50 h	Sub 8	500 m
18.00 h	Sub 18, Sub 20, sub 23, senior e máster	10 km (2 voltas)
18.00 h	“Sapatilla Inclusiva”	5 km (1 volta)
19.10 h	Sub 6 (2 ou 3 saídas)	100 m
19.30 h	<b><u>ENTREGA DE PREMIOS</u></b>	

### 4. INSCRICIONS

Os participantes na **XXV Carreira Popular de Santa Uxía – I Memorial Miguel Ruiz** poderán realizar a súa inscrición na web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) e [www.emesports.es](http://www.emesports.es), con data límite o **mércores 25 de setembro ás 23.59 horas.**

#### PREZOS DA INSCRICIÓN

- CATEGORIAS BASE (ata sub 16 incluído): **GRATUITA**
- PROBA ABSOLUTA (De sub 18 a master): **6,00 €**
- Nesta proba abrírase un segundo e prazo final de inscrición ao Circuito de Carreiras Barbanza Arousa 2024.

**IMPORTANTE:** Non se permitirá a participación de ningún deportista que non houbera realizado a inscrición previa. Non se realizarán inscricións o día da proba.

### 5. PREMIOS

Na **XXV Carreira Popular de Santa Uxía – I Memorial Miguel Ruiz** outorgaranse os seguintes premios:

#### a) PREMIOS ECONÓMICOS PROBA DE 10 kilómetros\*:

- 🏆 1º clasificado/a **300,00 euros + trofeo**
- 🏆 2º clasificado/a **150,00 euros + trofeo**
- 🏆 3º clasificado/a **90,00 euros + trofeo**

*\*Os premios económicos serán aboados a través de transferencia bancaria, para o cal as/os atletas gañadoras/es terán que facilitar os seus datos persoais e bancarios unha vez remate a proba.*

- Medallas conmemorativas ós tres primeiros clasificados de cada categoría establecida no presente regulamento.
- Medallas conmemorativas ás/ós 3 primeiras/os clasificadas/os locais da carreira.
- OS TROFEOS NON SERÁN ACUMULATIVOS, a excepción dos primeiros clasificados locais.

**b) Categorías base:**

- Medallas Conmemorativas para os tres primeiros clasificados/as das categorías sub 10, sub 12, sub 14 e sub 16.
- Medallas para todos os participantes das categorías sub 6 e sub 8. Nestas dúas categorías non se realizará clasificación nin entrega de trofeos.

**6. RETIRADA DE DORSAIS e CHIPS.**

**Realizarase o día da proba na zona do Malecón (preto da oficina de turismo), en caso de mal tempo trasladarase o AUDITORIO MUNICIPAL, ó carón do Centro de Saúde, a media hora antes do inicio de cada proba. O dorsal outorgado deberá levarse en toda a súa extensión, colocado na parte anterior do corpo e de xeito visible. Todo atleta que entre na meta sen o seu dorsal será descualificado.**

**OS PARTICIPANTES NO CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES BARBANZA AROUSA 2024, TERÁN QUE RECOLLER UN DORSAL NOVO EN CADA PROBA DO CIRCUITO INCLUIDA ESTA, CO CAL TERÁN QUE COMPETIR.**

**7. DESCUALIFICACIÓNS**

O longo do percorrido, a organización establecerá os controis que estime oportunos estando autorizados para descualificar a calquera participante que incumpra as normas de competición, as establecidas nos regulamentos da FGA ou RFEA para probas en ruta, por esta orde, ou que cometa algunha irregularidade atentando contra a seguridade individual ou colectiva durante a proba.

**8. OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGLAMENTARIAS**

- Habereá servizo de duchas a disposición dos atletas no Complexo Deportivo de A Fieiteira ou Centro de Raqueta Sta Uxía (praia de Coroso).
- Habereá servizo de gardarroupa (Oficina de turismo).
- Habereá servizo de ambulancia, e seguro deportivo (licenza de día) para os participantes.
- Habereá sinalización dos puntos quilométricos.
- Habereá avituallamento intermedio líquido e líquido/sólido final.
- Aparcamento nas inmediacións da saída, na zona portuaria.
- Habereá sorteo de agasallos entre os corredores ao finalizar as probas.
- A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.

**9. RECLAMACIÓNS**

Todas as reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro da competición, ubicado na zona próxima á meta, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais que serán expostos en lugar visible pola ORGANIZACIÓN.

**10. PARTICIPACION DE ATLETAS DE OUTRAS FEDERACIONES AUTONÓMICAS E EXTRANXEIROS/AS**

A participación de atletas extranxeiros e de outras federacións autonómicas rexirase segundo o regulamento de competición da Real Federación Española de Atletismo para probas de calendario autonómico.

Máis información de esta norma no Ligazón:

<https://atletismorfea.es/sites/default/files/2024-03/Reglamento%20de%20Competición.pdf>

## **11. ARTIGO 23: LOPD.**

Todos/a os/asas corredores/as ao realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

### **CONSIDERACIÓN FINAL**

Todo o non reflexado no presente regulamento rexerese polas normas vixentes da FGA e RFEA.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz - 15008 A Coruña.

### **MAIS INFORMACION**

<https://www.ribeira.gal/>

[www.emesports.es](http://www.emesports.es)

[www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal)

[www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com)

Concello de Ribeira (Concellería de Deportes)

Complexo Deportivo A Fieiteira

Telf: 981 87 36 46

email: [deportes@ribeira.gal](mailto:deportes@ribeira.gal)